NOTA DE PRENSA

Vimianzo, 25 de outubro de 2026

“VIMINDIE”: VIMIANZO ACOLLE O PRIMEIRO FESTIVAL DE AUTOEDICIÓN E CULTURA INDEPENDENTE DA COSTA DA MORTE

O Vimindie, trae o mundo dos Fanzines, da creatividade autoeditada e independente para achegar as tendencias creativas das cidades ao alcance das rapazas e rapaces do rural co obxectivo de fomentar o interés polo mundo da creatividade nas novas xeracións e dar visibilidade ao talento local. 29, 30 e 31 de outubro na Casa da Cultura de Vimianzo.

O festival, organizado pola As. Cultural Airexa coa colaboración do Concello de Vimianzo, ten como obxectivo achegar a cultura independente e a autoedición ao rural da Costa da Morte e dar visibilidade ó talento emerxente galego. O 29,30 e 31 de outubro abriránse as portas da Casa da Cultura de Vimianzo a faladoiros, exposicións, obradoiros, mercado creativo e actividades sobre: fanzines, arte, ilustración, música, audiovisual, literatura.

O festival Vimindie promove tódalas formas e expresións artísticas e creativas de baixo presuposto, independentes e autoeditadas. Esta primeira edición ten o enfoque no mundo do Fanzine como expresión versátil, multidisciplinar e accesible a tódolos públicos.

O Vimindie nace con tres obxetivos:

- Divulgar, para achegamos ao rural da Costa da Morte o mundo da autoedición e creación independente
- Visibilizar, para der visibilidade ós autores e autoras locais da Costa da Morte dentro e fóra do noso territorio
- Impulsar e estimular a creatividade e o interese artístico entre o público máis novo

O festival conta cunha programación rica de eventos non só na Casa da Cultura, sede principal do evento, se non tamén con moitos eventos satélite polas rúas de Vimianzo e outros Concellos da Costa da Morte.

Dirección: Casa da Cultura de Vimianzo
Rúa Braña B, 15129 Vimianzo, A Coruña

Email: info@vimindie.com

Web: vimindie.com

Instagram: instagram.com/vimindie

Whatsapp: 658707937